

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 01 DE XULLO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREIRA AGEITOS ELVIRA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Un de Xullo do Dous mil vinte e un, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 24/06/2021.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202106/323

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 22/06/2021 "Decreto: Aprobación dos plans de seguridade e saúde do proxecto denominado "PÉRGOLA PARA APEADOIRO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES NA AVENIDA DO MALECÓN (RIBEIRA)""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202106/415

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/06/2021 "Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde do Plan de residuos das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DE AXEITOS (OLEIROS)""

4.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DA FEIRA VIAMARE STOCK 2021

Visto o escrito presentado pola Asociación de Empresarios de Ribeira, de data 10/06/2021 (Rexistro de entrada nº 20219738), no que solicita a celebración da Feira "Viamare Stock", os días 13, 14 e 15 de agosto, levándose a cabo o evento en haimas de 5 x 5 que estarán localizadas no Malecón de Ribeira e nas que estarán representados comercios de diversos sectores, ocupando unha superficie aproximada de 850 m²; tendo como obxectivo dinamizar e apoiar o comercio local e á súa vez impulsar a economía no noso municipio.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 27/06/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- **Autorizar** a celebración da "Feira Viamare e Degustacións de Produtos do Mar", os días 13, 14 e 15 de agosto, na zona do Malecón de Ribeira.
- **Solicitar** no seu nome (Asociación de Empresarios de Riveira) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 850 m² no Malecón de Ribeira (preto de capitania) para colocar haimas de 5 x 5 cada unha delas (nº aproximado de haimas entre 19 e 23), iniciando a montaxe o día 11 de agosto e a retirada o 17 de agosto, e sen prexuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Asociación de Empresarios de Riveira).
- **Autorizar** a colocación de carteis de estrada e pancartas; así como o uso de megafonía móbil para dar difusión ao evento.
- **Autorizar** o aumento do servizo de limpeza e reforzo de contenedores na zona nos días da feira; así como rondas con presenza policial.

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 20.05.2021:

6667 29.04.2021 DIANA M^a HERMO TUBIO, cierre de finca en Carreira.

COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 10.06.2021:

8776 31.05.2021 ASOCIACIÓN AMBAR, compartimentación interior, Granxa, 5, San Roque, Frións.

COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 22.06.2021:

8166	21.03.2021	MANUEL AGEITOS DOMÍNGUEZ, retirada de teja existente y montaje de teja nueva, en Casanande, 7, Olveira.
8149	21.05.2021	ASESORIA BENY GARCÍA, S.L., mantenimiento y limpieza de urbanización, en Avda. da Coruña, 144, Ribeira.
9420	08.06.2021	FERNANDO MATO CADÓRNIGA, cierre de finca, en Bretal, Olveira.
9469	08.06.2021	ROSA GRAÑA SANTOS, cambio de tejas en la vivienda, rúa Delicias, 24, Corrubedo.
9498	08.06.2021	MARIA JOSÉ AYASO COSTOYA, reconstrucción de muro de piedra, en Frións, Carreira.
9205	05.06.2021	REBECA GONZÁLEZ GONZÁLEZ, reparación de tejado, Frións, 62, Carreira.
9541	09.06.2021	MARIA FERNÁNDEZ DE SANMAMED SAMPEDRO, reforma de baño, en Avda. Rosalía de Castro, 54-2ª drcha., Ribeira.
9523	09.06.2021	JAVIER PICÓN ARNAU, renovación de techumbre, en Martín, 88, Ribeira.
8734	31.05.2021	GUILLERMO SIMARRO ESPLA, instalación de toldo manual, en Praza do Sol, nº 12, Ribeira.
9133	04.06.2021	JOSÉ FRANCISCO SUÁREZ MARIÑO, pintar fachada, en rúa da Chousa, 3 y 5, Ameixida.

COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 23.06.2021:

8202	22.05.2021	VIAQUA (LUGAR DE AROSA, S.L.), acometida de saneamiento, en rúa Lagareu, 6, bajo, Ribeira.
------	------------	--

COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 24.06.2021:

9171	04.06.2021	ANGEL MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, limpieza de fachada, en rúa Portugal, nº 10, Ribeira.
9299	07.06.2021	JESÚS MANUEL HERMO CRUJEIRAS, fosa para instalación de piscina, en Coroso, 59, Palmeira.
9501	08.06.2021	PINT. Y DEC. PENA OTERO, S.L., limpieza y mantenimiento de tejado y fachadas, en rúa Canle, 10, Palmeira.
9589	09.06.2021	DOMINGO ANTONIO RUÍZ MARIÑO, cambio de teja y reparación de tejado, en rúa Real, 4, Castiñeiras.
9552	09.06.2021	FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (C.P. AVDA. DA CORUÑA, 147), revestimiento de fachada, en Avda. da Coruña, 147, Ribeira.
8390	26.05.2021	TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., instalación de un nuevo poste de 6 m. y sustitución de otro de 9 m. en Insuela, Palmeira.

6.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA. LUGAR DE RÚA CELEIRÁNS S/N AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTOR: NOELIA RUIZ VALIÑO E JUAN ANTONIO SIEIRA LUNA. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 91.500€

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada por **Dna. Noelia Ruiz Valiño e D. Juan Antonio Sieira Luna** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** na Rúa Celeiráns s/n, Aguiño, Ribeira, en parcela S-4 resultante da licenza de segregación nº 2/14 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de marzo de 2014, con refª catastral nº 8284916MH9088S0000SO, nos termos do Proxecto modificado de Execución de maio de 2021, redactado por D. Alberto Pérez Saborido, (arquitecto col. nº 4.773).



EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á corporación o día **15 de xuño de 2021**, a **enxeñeira municipal** o día **8 de xuño de 2021**, o **técnico de administración xeral** de data **17 de xuño de 2021** e o **secretario xeral da Corporación** de data **22 de xuño de 2021**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER licenza urbanística (Nº 14/21) a Dña. Noelia Ruiz Valiño e D. Juan Antonio Sieira Luna para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** na Rúa Celeirás s/n, Aguiño, Ribeira, en parcela S-4 resultante da licenza de segregación nº 2/14 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de marzo de 2014, con refª catastral nº 8284916MH9088S0000SO, nos termos do Proxecto modificado de Execución de maio de 2021, redactado por D. Alberto Pérez Saborido, (arquitecto col. nº 4.773):

- *O artigo 157 do PXOM regula a ordenanza de aplicación cunha tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar illada, e no que respecta ao retranqueo se contempla que a posición da edificación debe quedar retranqueada en todo caso respecto aos lindeiros 3 metros, polo que o acordo de adose notarial asinado o día 1 de xullo de 2020 co lindante Sr. Jonathan Cernadas Fernández, (DNI 53.486.102-Q) propietario da parcela con refª catastral nº 8284915MH9088S0000EO, carece de validez xurídica por incumprir a normativa urbanística de aplicación.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 68,95 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 500,58 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*



Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*



- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



7.- DESISTIMIENTO DE SOLICITUDE LICENZA DE OBRA E SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE I.C.I.O. – JOSÉ ÁLVAREZ CRUJEIRAS.

Visto o escrito presentado por María del Carmen Gago Fernández en representación de **José Álvarez Crujeiras**, de data 21/05/2021 (Rexistro de entrada nº 8.145), no que solicita a devolución de I.C.I.O., presentando desistimento expreso da solicitude de licenza de obras para habilitación de rampla de acceso na vía pública.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/06/2021, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMIENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMIENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2020/LIC-000071, formulada por **José Álvarez Crujeiras**, coa seguinte contía: **38,43 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.- CERTIFICACIÓN INEXISTENCIA DE EXPEDIENTE REPOSICION DE LEGALIDADE URBANÍSTICA -MARÍA CELIA ARCOS SANTIAGO

Visto o escrito presentado por **María Celia Arcos Santiago**, de data 21/06/2021 (Rexistro de entrada nº 10.871), no que solicita certificación urbanística de non ter aberto expediente de reposición da legalidade urbanística en relación á vivenda sita segundo nota simple do Rexistro da Propiedade de Noia, sita no nº 6B, escalera 1, planta 2ª, porta D, do edificio sito na rúa Xohana Torres en Abesadas, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/06/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda segundo nota simple do Rexistro da Propiedade de Noia, con nº 6B, escalera 1, planta 2ª, porta D, do edificio sito na rúa Xohana Torres en Abesadas, Ribeira.



9.- LICENZA de primeira ocupación de VIVENDA UNIFAMILIAR, CONTRUÍDA AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 195/14 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 25/09/2014. LUGAR: LUGAR DE CERCA S/N AGUIÑO (RIBEIRA). PROMOTOR: LAURA PIÑEIRO SUÁREZ-ÓSCAR RAINHA FANDIÑO

VISTA a solicitude de licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar, contruída ao amparo da licenza de obra Nº 195/14 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 25/09/2014), da que son promotores, **LAURA PIÑEIRO SUÁREZ - ÓSCAR RAINHA FANDIÑO** no lugar da Cerca s/n, Aguiño, Ribeira

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade con sinatura de día 11 de maio de 2021 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente

VISTO o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/06/2021, e **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 22/06/2021, **a XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Laura Piñeiro Suárez e D. Óscar Rainha Fandiño **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar construída ao amparo da **licenza nº 195/14** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2014, modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de agosto de 2019, sita en parcela con refª catastral nº 15074A0220284 no lugar da Cerca s/n, Aguiño, Ribeira, nos termos do **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 29 de decembro de 2020 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 29 de decembro de 2019, asinados polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145) e polo Sr. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600, Certificado de instalación eléctrica e o xustificante da súa inscrición no rexistro autonómico, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 9 de abril de 2021.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da*



propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

10.- LICENZA DE AGRUPACIÓN-SEGREGACIÓN DE FINCAS. JOSÉ MANUEL LAMPÓN PROL

VISTA a solicitude de **licenza de agrupación-segregación** de fincas presentada por **D. José Manuel Lampón Prol** (DNI 52.939.730-D), escritos rexistrados de entrada os días 12 de febreiro, 23 e 30 de maio e 8 de xuño de 2021, (Rexistro de entrada nº 2.069, 8.206, 8.687, 9.493), mediante os que solicita licenza de agrupación e posterior segregación de parcelas sitas no lugar de Páramos, Ribeira, achegándose Técnico de Segregación de parcelas de febreiro de 2021 redactado por D. Joaquín Gago Fernández (arquitecto técnico col. 1967), así como escritura de propiedade.

VISTO o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal de 9 de xuño de 2021.**

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **14 de xuño de 2021.**

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **15 de xuño de 2021**

ACREDITADO que as parcelas obxecto da agrupación-segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.2003 e no D.O.G. do 20.03.2003, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B** e **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo cal **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO:- CONCEDER a D. José Manuel Lampón Prol a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELAS (Nº 4/21)** sitas no lugar de Páramos, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de parcelas de febreiro de 2021 redactado polo Sr. Joaquín Gago Fernández (arquitecto técnico col. 1967), resultando finalmente dous (2) parcelas de modo que:

-PARCELAS INICIAIS:

-PARCELA 1, matriz cunha superficie de 266,00 m² denominada horta dos páramos, con refª catastral nº 15074A019002990000KX que linda: Norte Parcela propiedade de José Manuel



Lampón Regueira (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Sur Parcela propiedade José Manuel Lampón Prol, (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Este Parcela propiedade José Manuel Lampón Prol, (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Oeste Camiño.

-PARCELA 2, matriz cunha superficie de 3.247,00 m², con refª catastral nº 15074A019003040000KS con refª rexistral Tomo 1526, libro 458, folio 211, finca 9809, inscrición 4ª que linda: Norte Parcela propiedade de José Manuel Lampón Regueira (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Sur Parcela propiedade de Juan Regueira Crujeiras, (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Este Parcela propiedade Rosa Pérez Paz e Herdeiros de Francisca González, (con referencias catastrais 15074A019002220000KQ e 15074A019002230000KP); Oeste Camiño e Herdeiros de Ramona Cameán Fajardo e outros (con referencia catastral 15074A019003040000KS).

-PARCELA 3, matriz cunha superficie de 1.177,00 m², con refª catastral nº 15074A019003040000KS, con refª rexistral Tomo 1526, libro 458, folio 213, finca 9.810, inscrición 4ª que linda: Norte Parcela 2, propiedade José Manuel Lampón Prol (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Sur Parcela 4, propiedade de José Manuel Lampón Prol, (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Este Parcela propiedade Rosa Pérez Paz e Herdeiros de Francisca González, (con referencia catastral 15074A019002230000KP); Oeste Camiño.

-PARCELA 4, matriz cunha superficie de 441,00 m², con refª catastral nº 15074A019003040000KS, con refª rexistral Tomo Tomo 1526, libro 458, folio 209, finca 9.079, inscrición 3ª que linda: Norte Parcela propiedade José Manuel Lampón Prol (con referencia catastral 15074A019003040000KS) ; Sur Parcela propiedade de Herederos de José Pérez Alvite , (con referencia catastral 15074A019002970000KR); Este Parcela propiedade de Herdeiros de Francisca González, (con referencia catastral 15074A019002230000KP); Oeste Camiño.

-PARCELAS RESULTANTES TRAS A AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN:

-PARCELA A, cunha superficie de 2.108,44 m² que linda: Norte Parcela propiedade de José Manuel Lampón Regueira (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Sur Parcela B, resultante desta segregación; Este Parcela propiedade Rosa Pérez Paz (con referencia catastral 15074A019002220000KQ); Oeste Parcela A1, cesión obrigatoria resultante desta segregación.

-PARCELA A1, CESIÓN OBRIGATORIA para dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento cunha superficie de 106,16 m² que linda: Norte Parcela propiedade de José Manuel Lampón Regueira (con referencia catastral 15074A019003040000KS); Sur Parcela B1, cesión obrigatoria resultante desta segregación; Este Parcela A, resultante desta segregación; Oeste camino.

-PARCELA B, cunha superficie de 2.824,86 m² que linda: Norte Parcela A, resultante desta segregación; Sur Parcela propiedade de Herederos de José Pérez Alvite con referencia catastral 15074A019002970000KR); Este Parcela propiedade de Herdeiros de Francisca González, (con referencia catastral 15074A019002230000KP); Oeste Parcela B1, cesión obrigatoria resultante desta segregación



-PARCELA B1, CESIÓN OBRIGATORIA para dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento cunha superficie de 91,54 m² que linda: Norte Parcela A1, cesión obrigatoria resultante desta segregación; Sur Parcela propiedade de Herdeiros de José Pérez Alvite, (con referencia catastral 15074A019002970000KR); Este Parcela B, resultante desta segregación; Oeste camino.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

11.- VAO PERMANENTE RÚA PEDRA DO PINO, 74 (CORRUBEDO) – GLORIA GARCÍA LORCA.

Visto o escrito presentado por **Gloria García Lorca**, de data 23/06/2021 (Rexistro de entrada nº 11.022), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Pedra do Pino, nº 74 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 24/06/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Gloria García Lorca autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Pedra do Pino, nº 74 (Corrubedo), según o sinalado no citado informe policial.



- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

12.- VAO PERMANENTE RÚA ROBALO, 3 (AGUIÑO) – MARÍA TERESA GONZÁLEZ PÉREZ.

Visto o escrito presentado por **María Teresa González Pérez**, de data 24/06/2021 (Rexistro de entrada nº 11.129), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Robalo, nº 3 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/06/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **María Teresa González Pérez** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Robalo, nº 3 (Aguíño), según o sinalado no citado informe policial.

- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

13.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO, MONOLÓGOS OU SEMELLANTES, EN TERRAZA DE LOCAL DE HOSTALERÍA - LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.

VISTO o escrito presentado por María Pérez Cañestro, en representación do establecemento **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, de data 11/05/2021 (Rexistro de entrada 7.424), no que solicita permiso para amenizar a terraza privada do Bar Desván, situado na praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), con música en directo ou gravada e monólogos ou semellantes, os días 1, 2, 3, 4, 8, 9, 10, 11, 15, 16, 17, 18, 22, 23, 24, 25, 29, 30 e 31 de xulo de 2021, e 1, 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22, 26, 27, 28 e 29 de agosto de 2021, en horario de 12:00h. a 23:00 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, para amenizar a terraza privada do Bar Desván, situado na praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), con música en directo ou gravada e monólogos ou semellantes, os días os días 1, 2, 3, 4, 8, 9, 10, 11, 15, 16, 17, 18, 22, 23, 24, 25, 29, 30 e 31 de xulo de 2021, e 1, 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22, 26, 27, 28 e 29 de agosto de 2021, en horario de 12:00h. a 23:00 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso a **representante de LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U. (María Pérez Cañestro- 53481506C)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.



TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga, para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

14.- SEGUNDA CONVOCATORIA DE BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 28/06/2021, na que expón:

“Con data 24/06/2021 o departamento de Cultura deu conta á Xunta de Goberno local do esgotamento do crédito orzamentario consignado para o programa de axudas denominado BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021, deixando sen atender un bo número de solicitudes por parte das familias que foron recibidas a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira.

É intención da área de Cultura contribuír a axudar ás familias ribeirenses a conciliar a vida laboral e familiar promovendo a participación dos seus fillos e fillas nestes campamentos e é por iso que se considera necesario aprobar unha SEGUNDA CONVOCATORIA DESTE PROGRAMA DE AXUDAS. En consecuencia achéganse a esta proposta as BASES completas que determinan, entre outros aspectos, o procedemento, contía, e resto de aspectos relativos a esta convocatoria.

O artigo 3 das bases establece a dotación económica desta convocatoria onde se destina un orzamento total de catro mil euros (4.000,00 €) e o artigo 9 indica que “o prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e rematará o 10 de agosto de 2021 ou no momento de esgotarse o crédito orzamentario destinado a tal fin, o cal será debidamente informado a través da súa publicación no taboleiro de anuncios. De xeito excepcional admitíranse as solicitudes presentadas con anterioridade á apertura do prazo e que non puideron atenderse na primeira convocatoria por esgotamento de crédito, tendo prioridade sobre as que se presenten a partir da publicación destas bases.”

Polo exposto, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a segunda convocatoria do programa de axudas denominado **BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021**.
- **Aprobar** o gasto desta convocatoria co límite de 4.000,00 € (catro mil euros)



15.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS –OBRADOIROS VERÁN CULTURAL 2021

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 28/06/2021, na que solicita a aprobación da celebración dos **Obradoiros Verán Cultural 2021**, prazo de preinscrición, matrícula, procedementos, normativa de admisión, prezo público e desconto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. **Autorizar** a celebración destes obradoiros de MAXIA, de ARTE E ESCULTURA, e de CIENCIA E COCIÑA DIVERTIDAS (Obradoiros Verán Cultural 2021).
2. **Aprobar** os prazos de preinscrición, matrícula e procedementos así como a normativa de admisión aos obradoiros, segundo o contido da citada proposta.
3. **Aprobar** o prezo público de 25,00 €/participante/obradoiro, así como o DESCONTO 20% na matrícula para os colectivos sinalados na citada proposta.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:10 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

